


## Comentario dun hidrograma – Resolto



Estamos ante un hidrograma, un gráfico lineal que nos amosa o réxime fluvial, é dicir, a evolución do caudal medio mensual dun río, neste caso o Lozoya, ao seu paso por Fuentes Viejas.

No eixo horizontal establécese a distribución temporal, neste caso os meses do ano, mentres que no eixo vertical represéntase o coeficiente mensual de caudal, un indicador que expresa a relación entre o caudal medio dos distintos meses e o módulo anual. Este indicador permite analizar a evolución do réxime do río ao longo do ano. Naqueles meses nos que a curva non alcanza o valor 1 (que representa o caudal medio anual) trátase de augas baixas (se estas son moi acusadas fálase de estiaxes); un valor superior a 1 indica de augas altas ou crecidas. No gráfico tamén nos vén sinalado o módulo ou caudal absoluto medio anual ( $M: 9.82 \text{ m}^3/\text{s}$ ).

A través do gráfico, polo tanto, podemos observar as variacións estacionais caudal do río Lozoya. Os aumentos e baixadas axúdannos a determinar a súa irregularidade; no caso deste río vese claramente unha época que entre os meses de febreiro e marzo, o río ten unha importante enchente e chega ao seu máximo  $1.95 \text{ m}^3/\text{s}$ , chegando a alcanzar

case o coeficiente 2, polo que leva nesa época un caudal moi cargado. A outra subida, aínda que menor, en torno ao 1,5 m<sup>3</sup>/s, prodúcese entre novembro e decembro. Estas crecidas do río débense fundamentalmente ás achegas de precipitacións recibidas nas estacións equinocciais (outono e primavera), típicas do clima mediterráneo.

En canto ás baixadas de caudal ou estiaxe, hai un moi pronunciado na estación estival, que dura desde xuño a outubro, chegando en xullo e agosto a non superar case o 0. Esta estiaxe tan marcada prodúcese sobre todo polo anticiclón dos Azores, que trae durante o verán a España un tempo seco e estable. Hai outra baixada, aínda que moito menos pronunciada en xaneiro, debida fundamentalmente á baixada de precipitacións no inverno, algo característico tamén do clima mediterráneo.

Por todos estes datos podemos deducir que o Lozoya é un río irregular, xa que non leva un curso de auga similar ao longo do ano. Por tanto non poderá situarse na zona cantábrica, onde se desenvolve un clima oceánico de choivas regulares ao longo do ano, e onde os seus ríos por tanto teñen un réxime fluvial tamén oceánico.

En canto ao réxime fluvial que ten este río, podemos deducir pola descrición anterior que non poder ter un réxime nival, polo que debe ser fundamentalmente pluvial, é dicir, que a achega das súas augas sexa pola precipitación recibida. Isto xustifícanolo o feito, xa mencionado, das crecidas na primavera e outono. É posible que a cantidade de auga na primavera sexa maior porque reciba algunha achega nival, ao producirse o desxeo, pero non é fundamental. A marcada estiaxe do verán fainos deducir que é un réxime pluvial mediterráneo continentalizado. No interior da península Ibérica, afastada da influencia mariña, prodúcense moi poucas choivas, acentuado isto pola disposición do relevo peninsular. Isto produce que os ríos do interior, como este, sufran unha marcada estiaxe, aínda que non tan longa como o réxime pluvial subtropical.

\*O río Lozoya é afluente do río Jarama, que á súa vez é afluente do río Tago e atravesa transversalmente a Comunidad de Madrid. Nace na contorna glacial de Peñalara a máis de 2.000 metros e abastece de auga potable á provincia. Con todo non é unha zona que se viu recompensada por este feito, sufriu un importante despoboamento a partir da segunda metade do século XX [Este parágrafo non teríades por que sabelo nin poñelo; só cando coñezades o río].